



MUSEO  
DE BELAS ARTES  
DA CORUÑA

ACTIVIDADES  
PRIMAVERA  
2014

XUNTA DE GALICIA

## EXPOSICIÓNS

### MANUEL COLMEIRO E A SÚA ACHEGA Á ARTE GALEGA DE VANGARDA

**Organizan:** Museo de Belas Artes da Coruña  
**Datas:** Xuño – outubro 2014

Partindo de tres estudos inéditos realizados por Manuel Colmeiro nos anos trinta para un mural, a exposición profundará a evolución do autor desde unha pintura simbólica a outra en que prevalece a autonomía da pintura sobre o tema, facendo fincapé na modernidade da súa opción. Para presentar esta evolución mostraranse os seus temas máis recorrentes: o nu, a paisaxe, a natureza morta, a muller campesiña ou o autorretrato, facendo ver a convivencia do primitivismo cun certo clasicismo, que se pon de manifesto tanto nos temas como na plasmación plástica.

## CURSOS

### CURSOS DE FORMACIÓN PARA ADULTOS

**Colabora:** Asociación de Amigos do Museo

## ARTE MEDIEVAL EN GALICIA

**Profesor:** Pablo Cobas Roca **Matrícula:** 15,00 € (Amigos Museo: 10,00 €)  
**Datas:** Mércores, do 19 de marzo ao 28 de maio **Horario:** de 11.30 a 12.30 h

O curso pretende achegarse a un colectivo adulto non especializado que busque unha formación básica sobre a historia da arte galega, utilizando como exemplos algunhas das obras pertencentes ao patrimonio e ás coleccións dos museos coruñeses, especialmente ao de Belas Artes. **Prazas limitadas**

## OS TEMAS DA ARTE: O PAPEL DAS MULLERES ARTISTAS

**Profesora:** Ana Ulloa Sande **Matrícula:** 15,00 € (Amigos Museo: 10,00 €)  
**Datas:** Martes, do 18 de marzo ao 27 de maio **Horario:** de 11.30 a 12.30 h

A finalidade do curso é a de ofrecer unha revisión da historia da arte en que, por regra xeral, non figuraban as mulleres como protagonistas ata ben entrado o século XIX, a pesar de estar sempre presentes. **Prazas limitadas**

## CONFERENCIAS

### VI CICLO DE CONFERENCIAS DIVULGATIVAS

APRENDER A VER... A CERÁMICA DE SARGADELOS. TIPOLOXÍAS, TÉCNICAS E DECORACIÓN

**Datas:** Última semana de maio

Obedecendo á vocación divulgativa do museo, a intención deste ciclo é a de introducir o gran público en cada unha das diversas temáticas e manifestacións da arte. Con motivo da recente apertura da sala de cerámica de Sargadelos, a presente edición está dedicada o estudo das distintas manufacturas de cerámica españolas, con atención especial á de Sargadelos. **Entrada libre ata completar a capacidade**

## Conferencias

**Juan Ramón Aparicio González**

Conservador de Patrimonio Nacional

**Teresa Estebán Gómez**

Tese de doutoramento sobre Cerámica de Sargadelos

### OS LIBROS COMO PUNTO DE PARTIDA

**Organiza:** Asociación de Amigos do Museo **Horario:** 20.00 h

Unha selección de publicacións especializadas servirán como punto de partida para que as autoras e autores poidan analizar diferentes aspectos relativos ao ámbito da arte e do pensamento. **Entrada libre ata completar a capacidade**

## 26 de marzo

*A muller ante o espello. Estudos corporais*

**Mª Jesús Zamora Calvo** Universidad Autónoma de Madrid

## 17 de xuño

*Dora Maar*

**Victoria Combalía** Crítica e asesora de arte

## CONCERTOS

### II CICLO MÚSICA CONTEMPORÁNEA

ESPAZO IXOR

**Organiza:** Conservatorio Superior de Música da Coruña

**Colabora:** Asociación de Amigos do Museo **Dirección:** Pablo Coello

**Datas e horario:** 6, 13, 20 e 27 de maio ás 20.00 h

Ciclo de concertos de música contemporánea, desenvolvidos a partir do traballo realizado polo Ensemble IXOR, agrupación formada por alumnos do CSM da Coruña. Cóntase na edición 2014 coa participación dos mestres convidados polo conservatorio Lars Mlekusch (prof. Konservatorium Wien Privatuniversität) e Adrián Pais (Galicia). **Entrada libre ata completar a capacidade**

## Martes 6 de maio

Diálogos **Lars Mlekusch** (saxofón)

## Martes 13 de maio

Visións I **Ensemble IXOR**

## Martes 20 de maio

De Bach á actualidade **Adrián Pais** (saxofón)

## Martes 27 de maio

Visións II **Ensemble IXOR**

### XIV CICLO MÚSICA PARA UNHA ÉPOCA

**Horario:** 12.00 h

Ciclo que combina a música dunha determinada época coa visita guiada á sala do museo correspondente co mesmo período histórico, establecendo así un paralelismo entre a música e a pintura. **Entrada libre ata completar a capacidade**

## Domingo 18 de maio

O século XX **Sophia Hase & Eduardo Ponce Atlantis Piano Dúo**

## Domingo 8 de xuño

O Romanticismo **Toshiko Sakakibara** (clarinete) y **Christoph Bösch** (frauta)

## Domingo 15 de xuño

Os gravados de Goya **Cuarteto del Pino**

## OBRADOIROS PARA ADULTOS

### OBRADORIO DE GRAVADO

A XILOGRAFÍA

**Colaboran:** Asociación de Amigos do Museo e o Concello da Coruña

**Dirección:** Ali Ali Pintor e gravador **Matrícula:** 40,00 € (Amigos Museo: 30,00 €)

**Datas:** Venres, do 14 de marzo ao 11 de abril **Horario:** de 16.30 a 20.00 h

Nos obradoiros desenvolveranse os seguintes contidos: soportes ou matrices, os instrumentos empregados, a máquina de impresión, a riqueza das texturas, vetas e roturas das distintas superficies e o uso das tintas. **Prazas limitadas**

### OBRADOIRO DE DEBUXO

A COPIA DO NATURAL

**Dirección:** Xavier Correa Corredoira

**Datas:** Do 16 de maio ao 4 de xullo **Matrícula:** 40,00 € (Amigos Museo: 30,00 €)

**Horario:** Venres, de 18.30 a 20.00 h; sábados, de 12.00 a 13.30 h

Obradoiro en que se fará unha aproximación á técnica do debuxo, e traballaranse distintos aspectos desta, como a liña de trazado, a definición do contorno, a función do claroscuro, os tipos de perspectiva, pasando pola composición, o estudo anatómico e a representación do movemento, para rematar cun exercicio de copia do natural. **Prazas limitadas**

## ENCONTROS

### III ENCONTROS. ARTES POLA INTEGRACIÓN

AS ARTES E O MENOR EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

**Datas:** 23 e 24 de maio

Preséntase como unha cita multifacética e integral que inclue múltiples actividades e espazos que, no caso do Museo de Belas Artes, se concreta nun ciclo de conferencias e nunha programación de artes escénicas. A través da multiplicidade de actividades preténdese tender vías de inclusión, de visibilidade, de auto-representación e, en suma, de sensibilización a favor da heteroxeneidade, a excepcionalidade e a diferenza. **Entrada libre ata completar a capacidade**

## ACTIVIDADES INFANTÍS

### OBRADOIROS DE PINTURA

**Dirección:** Luisa Valdés

**Matrícula:** 20,00 € (Amigos Museo: 15,00 €) **De 7 a 14 anos**

**Datas:** Sábados, 15 e 29 de marzo: *O retrato. Distintas cabezas, diferentes artistas, diferentes emocións* Sábados, 12 e 26 de abril e 10 de maio:

*A paisaxe: a ollada do artista ao seu contorno* **Horario:** de 11.30 a 13.30 h

Dúas formas de aproximarse á colección do museo, o retrato e a paisaxe, en que descubriremos as claves usadas polos artistas á hora de interpretar o home e o seu contorno. Na primeira parte do obradoiro farase unha presentación e explicación das obras seleccionadas e, na segunda, os nenos realizarán a súa propia obra plástica. **Prazas limitadas**

### OBRADOIROS DE VERÁN

**Datas:** Martes a venres, xullo **Horario:** de 10.30 a 13.30 h

**Matrícula:** 20,00 € (Amigos Museo: 15,00 €) **De 6 a 12 anos**

Obradoiro de artes plásticas en que se ceibará a creatividade dos nenos, servíndose dunha gran variedade de soportes e materiais, mentres se xoga coa pintura, a escultura e o espazo, e se descobre como os artistas, co paso do tempo, conquistaron a liberdade para crear. **Prazas limitadas**

## ACTIVIDADES EN FAMILIA

### OBRADOIROS DE NARRACIÓN E PINTURA

PALABRAS A CORES

**Dirección:** Mª Inés Cuadrado López

**Datas:** Sábados, do 15 de marzo ao 5 de abril **Horario:** de 18.00 a 19.30 h

Que fermosas historias hai detrás dun cadro? Que contos podemos crear observando unha pintura? Que palabras poden saír das súas cores e movementos que nos permitan armar un relato? Esta actividade participativa vincula dúas artes antiquísimas (narración oral e pintura), e permítenos xogar creando e compartindo en familia. **Prazas limitadas**

## CINE

### OBRAS MESTRAS DO CINEARTE I PARTE

**Coordinador:** Javier García Trigales

**Datas:** Mércores, do 2 de abril ao 28 de maio **Horario:** 19.00 a 21.00 h

**Matrícula:** 15,00 € (Amigos Museo: 10,00 €)

Curso en que poderemos visionar e analizar polo miúdo os traballos dos autores máis importantes do audiovisual artístico e experimental, desde os clásicos como Man Ray, Jean Vigo o José Val del Omar á actualidade do cine de vangarda, experimental e a videoarte, con traballos de Bill Viola, Jeam Cohen ou Andrés Duque. A metodoloxía de traballo consistirá na proxección do título correspondente para a súa posterior análise e disección por parte do profesor e o alumnado. **Prazas limitadas**

## CONVOCATORIAS

### A NOITE DOS MUSEOS

16 de maio

20.00-22.00 h **Visitas teatralizadas** *Teatro en tu casa*

22.30 h **Rock no museo** *Fai Thai & Los Torino Rockets*

Floreiro de dedos  
Louza pintada à man  
Sargadelos

### DIA INTERNACIONAL DOS MUSEOS

18 de maio

Xornada de portas abertas e visitas guiadas

á colección permanente do museo

**12.00 h Concerto**

**Sophia Hase & Eduardo Ponce Atlantis Piano Dúo**



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA  
Zalaeta s/n. 15002 A Coruña  
T 881 881 700 F 881 881 701

mu.belas.artes.coruna@xunta.es  
http://museobelasartescoruna.xunta.es

HORARIOS  
Martes a venres: de 10.00 a 20.00 h  
Sábado: de 10.00 h a 14.00 h,  
de 16.30 h a 20.00 h  
Domingo: de 10.00 h a 14.00 h  
Luns e festivos: pechado

DEPARTAMENTO DIDÁCTICO  
Visitas guiadas para escolares:  
de martes a venres  
Horario de 10.00 h a 13.00 h  
(con solicitude previa)